

*“¡Qué pouco vale unha mestra!”*  
UN ACHEGAMENTO Á FIGURA DE MARÍA VÁZQUEZ SUÁREZ

Juan Sobrino Ceballos e Manuel Domínguez Ferro

*“Asasináronas,  
mais sempre estarán vivas en nós.  
Encarceráronas,  
mais sempre estarán libres en nós.  
Exiliáronas,  
mais sempre estarán dentro de nós.  
Acaláronas,  
mais sempre falarán para nós.”*  
Claudio RODRÍGUEZ FER, *Vermellas*

Un dos episodios máis cruentos da represión que se inicia co levantamento militar de xullo de 1936 é a persecución contra o corpo de ensinantes. A súa elección como obxectivo polas forzas sublevadas respondeu a unha estratexia deliberada e programada de eliminación, a causa do seu compromiso co proceso de cambio e rexeneración democrática emprendido pola República en 1931. Non foi, polo tanto, un fenómeno derivado da violencia indiscriminada e arbitraria, coa que se pretendeu explicar este particular ensinamento, obedeceu a consignas precisas que emanaron dos mandos militares, da Falanxe, de grupos da dereita católica implicados no golpe e contou co beneplácito das autoridades eclesiásticas.

As palabras do Xefe do Servizo de Ensino Superior e Medio, José Pemartín, son bastante expresivas:

*Tal vez un 75 por ciento del personal oficial enseñante ha traicionado –unos abiertamente, otros solapadamente, que son los más peligrosos– la causa nacional (...) Una depuración inevitable va a disminuir considerablemente, sin duda, la cantidad de personas de la enseñanza oficial<sup>1</sup>.*

1. IGLESIAS, M<sup>o</sup> Antonia: *Maestros de la República. Los otros santos, los otros mártires*. Madrid, 2006.

A pesar do impulso dado a investigación nos últimos anos na recuperación da biografía dos sen nome, son moitas aínda as dificultades coas que tropeza todo aquel que pretenda achegarse ao coñecemento dos feitos que tiveron lugar durante este período: as lagoas na documentación e o silencio, alimentado polos rescoldos dun medo que segue vivo, envolven moitos dos sucesos daqueles días.

Na súa dobre condición de mestra e socialista, María Vázquez Suárez, da escola nº 2 de nenas de Miño, reunía as características que a convertiran, aos ollos dos franquistas, nun claro inimigo a bater.

## A FAMILIA


María era filla de Joaquín Vázquez Fernández e Andrea Suárez Salgado. O pai, aunque natural de Vaz, aldea da parroquia de Vilaescura (Sober), onde naceu en 1867, trasladouse posteriormente a Penademiros, no mesmo concello. En 1886 Joaquín ingresa no Exército, na caixa de recrutados de Lugo, sendo destinado ao Rexemento de Cabaleiría Cazadores de Galicia nº 29, con destino en Santiago. Alí casa con Andrea, cantineira do rexemento. E alí naceu María, en 1895.

En 1896, co estalido da Guerra de independencia de Cuba, Joaquín pide destino na illa, onde permanece entre 1897 e 1899, obtendo o grao de tenente. Asistiu aos combates de Guanocano, Cienfuegos, Trinidad e Sierra Alta e polo seu valor en combate recibe a distinción de caballero de 1ª Clase de la Orden del Mérito Militar. Volveu á Península tralo fin da guerra e en 1899 pasou á reserva no rexemento nº 38 de cabaleiría de Palencia. En 1904 conseguiu o retiro e finalmente, en 1921, foi ascendido a capitán<sup>2</sup>. Despois de abandonar o Exército traballou na Coruña, probablemente como xerente na Fábrica de Gas y Electricidad. Con tal motivo a familia trasládase a Coruña, pero desde 1930 alternará o domicilio coruñés de Linares Rivas co de Miño, unha vez que María sexa destinada a esta localidade.



Joaquín Vázquez en Cuba durante a Guerra da Independencia

2. CAMPOS PÉREZ, Alfonso: *A casina do capitán*, <http://coladodovento.blogspot.com/2010/03/casina-do-capitan.html>



A familia de María Vázquez en Penademiros (Sober)

## ANOS DE APRENDIZAXE

A temprana vocación polo maxisterio amosada por María levaríana a ingresar na Escola Normal da Coruña en 1909, tras superar as probas de ingreso. Logo de aprobar os exames de reválida, obtén en 1913 o grao de mestra superior. Rematados os estudos, preséntase ás oposicións convocadas en Santiago en 1917 para cubrir 48 escolas, e tras aprobalas, se lle adxudica destino en Jérica (Castellón), praza que non chegou a ocupar por estar xa cuberta. A situación, que afectou a numerosas opositoras, provou o envío á prensa dunha carta de protesta por parte de Joaquín Vázquez na que denunciaba a demora na concesión das prazas. Láíabase, ademais, da falta de prazas en Galicia, exhortando ao director xeral de Primeira Ensinanza a resolver a situación das opositoras. Un mes despois, en xaneiro de 1918, dirixe unha nova nota á prensa e volve a insistir algunhas semanas despois, elevando o tono da súa queixa e deixando entrever graves irregularidades nas adxudicacións.

*¿Comentarios? Renuncio a hacerlos. Sólo se me ocurre exclamar: ¡Qué poco vale un maestro! ¿Por qué valen tan poco los maestros? Por la sencilla razón de que los necesitamos mucho<sup>3</sup>.*

3. “La Voz de Galicia” (LVG), 12-01-1918.

Finalmente María é nomeada en setembro de 1918 para a escola de nenas da vila de Pobra do Caramiñal, pero a cuestión aínda colea en outubro, cando a mestra de Xobre (Pobra) recorre a provisión de dita praza por María.

María permanecerá 12 anos na Pobra. Son anos de formación e de primeiro contacto coa experiencia docente. O lento e monótono transcorrer da vida na pequena e conservadora vila da Pobra apenas víase interrompida polos acostumados eventos sociais aos que ocasionalmente asistía María, como deixan entrever as páxinas de información local dos diarios<sup>4</sup>. Ao longo deste tempo María concursa en varias ocasións coa intención de optar a unha praza en Lugo ou Ferrol; ademais, en 1925 oposita en Madrid para mellora de soldo. Finalmente, en decembro de 1929, consegue a praza da escola nº 2 de Miño, que fora fundada un ano antes.



Retrato de María polo fotógrafo Humberto Mani

Os seus novos veciños axiña atoparán na mestra unha muller receptiva e sensible cara os seus problemas. E así, en marzo de 1931, ofrécese como postulante na recaudación de fondos para atender á familia do secretario del xulgado, morto en accidente ferroviario en Perbes.

*Nació en Monforte (sic), se vino para Miño con sus padres. Su padre Joaquín estaba jubilado. Había trabajado en la Fábrica de Gas de La Coruña. Aún lo recuerdo con su barba puntiaguda y blanca. Vivían en la casa de Ribada, al lado del bodegón, frente a la ferretería Romero. Hoy hay un solar y algunas ruinas llenas de maleza. Ella ayudó mucho a los niños pobres del pueblo, les compraba ropa y comida.*

*La escuela estaba en el 2º piso del antiguo Ayuntamiento. Cuando mataron a María su lugar lo ocupó Rosario Campillo, una profesora de derechas que a mí me echó de clase porque era hija de un rojo.*

*Balbina Somorrostro. Miño, 23-9-2009*

4. LVG, 24-04-1924



A familia Suárez Vázquez na Coruña

## MAXISTERIO, ACTIVISMO POLÍTICO E FEMINISMO

A principios dos anos trinta, tralo obrigado paréntese da Ditadura de Primo de Rivera e a proclamación da II República, a actividade política reactivábase en Miño, a semeillanza do que está a ocorrer no resto do país. Proba diso é a aparición dos partidos e a explosión agrarista, movemento particularmente vigoroso en toda a comarca desde os primeiros decenios do século XX<sup>5</sup>. Hai tamén un núcleo asociativo mariñeiro representado polo Pósito de Pescadores. Menor peso terán os sindicatos obreiros, representados polo Sindicato de Oficios y Profesiones Varias de Miño, ligado á UXT, e o Sindicato de Oficios Varios, integrado na CNT. En canto aos partidos políticos, en 1931 fúndase o Casino Republicano como sección local do Partido Republicano Radical Socialista. Nesta formación militarán homes significados na vida política municipal, como Antonio M<sup>a</sup> Otero Faraldo, que ocupará a presidencia, Lorenzo Míguez, vicepresidente, ou o mestre José

5. PÉREZ MEDÍN, R., GARCÍA LÓPEZ, X.X. e LÓPEZ GONZÁLEZ, R. M<sup>a</sup>: *Memorias. Ricardo Pérez Medin*, 2009. Entre elas destacan a *Sociedad Agraria Republicana de Perbes*, de orientación esquerdista, a *Sociedad Agraria Republicana de Leiro, Castro y Carantoña*, liderada por Pascual Zaera Rojo e Manuel Castro Cabezal, de tintes dereitistas, e as socialistas *Unión Agraria y Socialista de San Juan de Villanueva* e *Unión Agraria y Socialista de Bemantes y Callobre*, ésta dirixida polo que será alcalde na II República, o socialista Rodrigo González Martínez.

Salgado Fernández<sup>6</sup>, secretario; nela atopamos tamén e Joaquín Vázquez, o pai de María, o cal evidencia no só a súa cercanía aos ambientes republicanos, se non tamén a influencia que poido exercer na vocación política da filla.

A dereita agrupárase en torno ao lerrouxista Partido Republicano Radical, sendo os seu principal impulsor o mestre Teófilo González Calatrava. As formacións de esquerda amosan un desenvolvemento máis lento e tardío.

A reforma do ensino que puxeron en marcha os primeiros gobernos da República –e no que xogaron papel destacado os socialistas, especialmente Fernando de los Ríos– foi un dos piares do novo réxime. Non é este o lugar para desgranar todo amplo abano de medidas, inspiradas na corrente racionalista, humanista e laicista que se foi propagando en España desde finais do século anterior, pero toda unha xeración de novos mestres identificárase con este programa.

María é unha delas. Proba da súa adhesión entusiasta aos postulados pedagóxicos da nova escola é o seu interese pola formación e pola aplicación dos modernos métodos educativos. Nos cursos de perfeccionamento aos que asiste na Coruña a principios dos anos trinta terá ocasión de frecuentar a figuras da talla da pedagoga María Barbeito, responsable da introducción en Galicia do método Montessori e depurada logo durante o franquismo. Este interese tamén latexa nas numerosas saídas escolares que organiza co mestre José Salgado, como a visita aos talleres da Constructora Naval en Ferrol, á redacción de La Voz de Galicia na Coruña, ao



Visita escolar a La Voz de Galicia

transformador eléctrico de Cambre ou a Santiago, para visitar a catedral e a tumba de Rosalía de Castro. Non faltan tampouco excursións a lugares senlleiros na historia do galeguismo, como o Monumento aos Mártires de Carral, diante do cal as alumnas entonaron o himno galego.

Paralelamente á súa labor docente, María desenvolverá nesta época unha incesante labor política nas filas do socialismo. O partido non dispuña en Miño dunha estrutura organizativa e os primeiros actos efectúanse baixo a iniciativa do Comité Socialista de Ferrol, como o mitin celebrado na localidade en xuño de 1931.

6. PÉREZ MEDÍN, R., GARCÍA LÓPEZ, X.X. e LÓPEZ GONZÁLEZ, R. M<sup>a</sup>., *op. cit.*.

*Debió llegar a Miño con sus padres sobre el año 1932 (sic). Por estas fechas fundamos la Agrupación Socialista de Miño varias personas, entra las que estaban Pepe Salgado y Maruja.*

*Desde luego sus ideas no iban con la Iglesia. Fue una mujer adelantada a su tiempo. Persona muy inteligente y una gran maestra.*

*Iba mucho a Coruña. Mi mujer Francisca López, que también era maestra se encargaba de sustituirla en clase.*

*Ricardo Pérez Medín, 30-7-2007*

A súa primeira intervención nun acto político tivo lugar en setembro de 1932, cando pronuncia un discurso no mitin celebrado en Miño, ao que asisten tamén Manuel Cuervo Cortés, secretario municipal, afiliado á agrupación socialista da Coruña e á UXT<sup>8</sup> e a quen moitos ven como mentor político de María; o mestre Víctor Martínez, do Partido Republicano Gallego; o deputado socialista Edmundo Lorenzo e os tamén socialistas José Salgado, que proviña das filas do PRRS, compañeiro da mestra, e Manuel Albar. Neste primeiro discurso María suliñaba “*cuanto la República hizo a favor de la mujer, haciendo resaltar dichos beneficios y aconsejando a las mujeres de Miño no se dejen engañar por caciques*”. O corresponsal destacaba o feito de que María Vázquez fose “*la primera mujer que habló al público en Miño*”<sup>9</sup>.

A partir de entón María participa nunha intensa campaña de mitins e actos agrarios, onde volvemos a atopar a Manuel Cuervo, aos deputados socialistas Ramón Beade e Edmundo Lorenzo e a Manuel Montero, secretario provincial da UXT. Así, en decembro de 1932 María é una das oradoras dos mitins convocados en Leiro e Nogueirosa, onde se debate sobre a lei agraria, a formación de tribunais mixtos da propiedade rústica e o proxecto de lei de arrendamentos. En xaneiro de 1933, nun mitin celebrado en Redes, María tomou a palabra para defender as reformas levadas a cabo polo goberno republicano-socialista, facendo fencapé na política educativa e nas conquistas da muller en materia de dereitos. Novos mitins celebráronse nas semanas seguintes en Cabanas e Fene; neste último, organizado pola sociedade agraria *La Necesaria*, interviron, ademáis de Manuel Cuervo, Manuel Montero e María Vázquez -que explicou o alcance da lexislación laica republicana<sup>10</sup>-, o socialista Ramón Souto e o mestre de Mugarodos, tamén socialista, Ángel Mato, morto durante a revolta de 1934.

7. O socialista Ricardo Pérez foi o alcalde de Miño na breve aunque intensa etapa que vai desde maio ata xullo de 1936

8. LVG, 02-05-1933 e 24-06-1933. *El Compostelano*, 13-02-1932. Procedente de Dumbria, o novo secretario municipal toma posesión en Miño en 1932.

9. LVG, 01-09-1932

10. *El Obrero. Ferrol*, 28-01-1933

Esta frenética actividade non se ve sequera interrompida pola enfermidade do seu pai a finais de xaneiro de 1933<sup>11</sup>. En febreiro asiste aos actos conmemorativos da Festa da Árbore en Miño, que contou cun ampla representación de concelleiros; entre os oradores volvemos a atopar a Manuel Cuervo.

O retrato político de María non quedaría completo sen unha referencia ao seu firme compromiso cos dereitos da muller e a defensa da súa participación na vida política. Xunto á educación, éste é un dos temas recurrentes nos mitins onde participa e nos que a presenza das mulleres é en ocasións significativa, como as traballadoras da fábrica de Présaras<sup>12</sup>. A mestra estivo en contacto, ademáis, co asociacionismo feminino de signo republicano. O seu achegamento á Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispano-Americanas y Cruzada de Mujeres queda patente na conferencia que imparte no local da Liga sobre “La escuela laica” en febreiro de 1933<sup>13</sup>. A organización fóra fundada en Madrid por Carmen Burgos, pioneira do periodismo feminino en España, e contaba cun importante núcleo coruñés desde 1932. Outros convidados ás coferencias da Liga foron os socialistas Manuel Cuervo, que durante esas xornadas departiu sobre o tema “La mujer en sus diversos aspectos, e Manuel Montero, cunha intervención sobre “Por qué emigra la mujer del campo a la ciudad y sus consecuencias”<sup>14</sup>.

Outra asociación coa que motivo estreitos vínculos foi a Agrupación Femenina Republicana que, constituída en 1933, sucedeu á Liga. Os seus obxectivos eran a promoción cultural da muller, a igualdade de dereitos e a defensa dos valores republicanos e democráticos. Pola súa sede desfilaron políticos e intelectuais republicanos e galeguistas como Roberto Blanco, Antón Villar, Víctor Casas, Alexandre Bóveda ou Santiago Casares, impartindo charlas sobre a problemática da muller na sociedade española, a cultura galega, etc.



María na conferencia da Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispano-Americanas y Cruzada de Mujeres

11. *El Pueblo Gallego*, 29-01-1933

12. Pereira, C.: Muller e res publica, en Emilio Grandío Seoane (dir.): República e Republicanos en Galicia, Ateneo Republicano de Galicia, A Coruña, 2006

13. *LVG*, 08-02-1933

14. *LVG*, 24-2-1933 3 *LVG*, 17-3-1933



Dato revelador é a presenza na sociedade dun número importante de mestras como Amparo López Jean, Elvira Bao, que presidirán a asociación, ou a propia María Barbeito<sup>15</sup>.

Existen evidencias da relación de María coa Asociación Femenina Republicana. O seu nome aparece na listas de socias en abril de 1936, na que consta como profesora nacional de

Miño. Hai tamén unha mención nunha nota de prensa de xullo de 1933, onde se comunica a visita a Miño e Pontedeume de membros da AFR. Na primeira localidade son recibidas pola mestra María Villar<sup>16</sup>, que é calificada pola periodista como “*entusiasta afiliada a la Agrupación*” e a quen probablemente debamos identificar coa propia María Vázquez.

Ao longo de 1933 María dita varias conferencias. Unha, con motivo do segunda aniversario da proclamación da República, que ten lugar no local da sociedade agraria de San Pantaleón das Viñas (Paderne) e na que fala sobre a situación do campesiñado e a condición da muller. E a que pronuncia en Cabana (Ponteceso) sobre “Enseñanza laica” na compañía de Manuel Montero e Manuel Cuervo. Prosegue, ademais, as súas actividades de formación, como o curso de perfeccionamento de mestres que se desenvolve na Coruña, onde asiste a unha disertación de Lugrís Freire sobre literatura galega, se lle imparten cursos de hixiene escolar, visita centros fabrís, como a Fábrica de Gas ou a de Tabacos, o Sanatorio de Oza e monumentos artísticos da comarca.

É nesta época, concretamente en xuño de 1933, cando formaliza o seu ingreso na Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Ferrol y Comarca, sección de ensino da UXT<sup>17</sup>, da que será elexida vicetesoreira en abril de 1935. Ademais, en 1933 pasa a formar parte da agrupación socialista de Pontedeume, que fora fundada en 1931<sup>18</sup>. Por últi-



Mestres cursillistas con María Barbeito

15. PEREIRA, C., *Mulleres e República*, Rev. “Anuario Brigantín”, nº 21, 1998. O autor suliña o feito de que unha das razóns da depuración de María Barbeito fora a súa pertenza a AFR.

16. *LVG*, 19-7-1933. Non existe ningunha mestra en Miño con ese nome durante esas datas.


17. *El Obrero*, 10-6-1933

18. Presidiana Manuel López Seijo e entre membros da directiva figuraban Luis Nodar, Albino Couceiro, Eduardo Fonte, José Losada ou José Ramón Fernández. En 1934 María é designada vogal. A partir de 1936 moitos deles sufriron persecución e algúns, como Ramiro Vázquez Salido, *O Mona*, o mestre José Ramón Fernández Barral e o concelleiro Luis Nodar Castro foron executados.

mo, en outubro de 1933, participa na fundación da agrupación do PSOE de Miño xunto a coñecidos socialistas da localidade, como Abelardo López Varela e José Salgado<sup>19</sup>.

Logo da represión do movemento revolucionario de outubro de 1934, que tivo unha ampla repercusión en toda a comarca, a agrupación atravesamos momentos difíciles. E desde este momento ata 1936 a súa presenza é practicamente inexistente. No medio do ambiente xerado pola vitoria da Fronte Popular, en febreiro de 1936, reconstitúese a agrupación e, na asemblea celebrada en marzo dese ano no local do Pósito de Pescadores, é elixido presidente do comité executivo José M<sup>a</sup> Maceira Serrano, *Seis horas* –que tamén dirixía o Sindicato de Oficios Varios-, vicepresidente José Rico e secretario Abelardo López.

O comité designará a Ricardo Pérez Medín para encabezar a xestora que substitúa a Rodrigo González ao fronte do Concello, decisión que contará co aval do Goberno Civil. Deste xeito Pérez Medín accederá en maio de 1936 á alcaldía de Miño, desprazando a



Firma de María no documento de constitución da agrupación socialista de Miño, en outubro de 1933

19. PÉREZ MEDÍN, R., GARCÍA LÓPEZ, X.X. e LÓPEZ GONZÁLEZ, R. M<sup>a</sup>., *op. cit.*. Pérez Medín tamén inclúe a Manuel López González.

Rodrigo González que, a pesar da súa militancia socialista, fora derivando cara a posicións claramente conservadoras, ata o punto que o goberno mantívoo no cargo despois do triunfo das dereitas nas eleccións de novembro de 1933 e foi confirmado no mesmo a raíz do levantamento militar de xullo do 36.

A integración de María Vázquez no PSOE e na UXT non foi meramente testimonial, como demostra o feito de que no cuestionario elaborado a instancias do Goberno Civil en 1935 para indagar sobre a situación política dos concellos da provincia, María era sinalada xunto co seu compañeiro José Salgado como destacada socialista<sup>20</sup>. E no informe da Garda Civil anexo á causa 925/37, sobre os sucesos que tiveron lugar en Miño en xullo de 1936, táchase de “*elemento peligrosísimo*”<sup>21</sup>.

En xuño de 1934 morre dona Andrea Suárez, a súa nai<sup>22</sup>. O enterramento civil é un motivo máis que se ía sumar á longa lista de recriminacións que a dereita de Miño e Pontedeume acumulan contra a mestra.

A partir desde momento, e salvo algunha aparición pública esporádica, como en xullo de 1935, con motivo da campaña de apoio aos mestres presos durante os sucesos de outubro do 34<sup>23</sup>, non volvemos a ter noticias de María ata o momento da súa detención a principios de agosto de 1936. Nen sequera a veremos figurar na directiva da nova agrupación socialista que se constitúe en marzo de 1936. O afastamento da política pola mestra estaría moi posiblemente relacionada coa morte da nai e a enfermidade do pai.

## DETENCIÓN E MORTE

Coñecida a sublevación militar a partir do 19 de xullo, as corporacións republicanas organizan a precaria resistencia. María atopábase por esas datas na Coruña co seu pai e, polo tanto, non tivo participación activa nos intentos frustrados de resistencia fronte ás forzas militares que chegaron ao pobo o día 24.

Logo de constituirse o Concello en sesión permanente, procedeuse á incautación de armas e o alcalde Ricardo Pérez Medín, ao fronte dun grupo, dirixiuse á Coruña a madrugada do día 22 coa intención de colaborar na defensa, pero vista a inutilidade dos

20. Goberno Civil. Mazo 4369. ARG: “Cuestionario que se hace a los Ayuntamientos por orden del Ministerio de Gobernación. Influencias a los efectos de consulta electoral: Año 1935. Los maestros de Miño José Salgado y María Vázquez, los dos de matiz socialista”.

21. Causa 925/37 Serie Terra. Ferrol. T IV A Coruña.

22. *El Pueblo Gallego*, 09-06-1934.

23. *El Sol*, 02-07-1935.

seus esforzos, regresaron a Miño. Un día antes, o 21, produciuse o asalto á igrexa de Santa María<sup>24</sup> e a detención dos curas de San Xoan de Vilanova e de Bañobre por un grupo de persoas dirixidas por Agustín Somorrostro Pena, secretario do Sindicato de Oficios y Profesiones Varias de Miño e vogal da agrupación socialista, que sería acusado de ser un dos organizadores da resistencia<sup>25</sup>. Sen embargo o novo alcalde contivo aos mais exaltados e ordenou a liberación dos cregos, actitude que contribuiu, sen dúbida, a evitar a súa posterior detención. Anque uns meses despóis o medo ás represalias obrigouno a embarcar na lancha *La Golondrina* cun grupo de perseguidos da zona, arribando ás costas de Francia ao cabo duns días<sup>26</sup>.

Como podemos comprobar na causa 925/37, María non se atopa entre os “*responsables de todo lo que hubo en Miño y sus contornos*”, pero sí o seu pai. O mestre Salvador Díaz Manso, natural de Miño e veciño de Ortigueira, un dos declarantes na causa, sinala entre os “responsables” a José Varela Bouza, *Pepe do Lobo*, de Callobre, acusado de requisar armas; a José Antonio Sánchez Moreira, *Calafrios*; ámbolosdous vinculados ao asalto á igrexa de Santa María e executados extraxudicialmente ese verán. Tamén son citados Manuel López González que, na compañía de dous carabineiros, controlaba os accesos na estrada nacional os días seguintes ao alzamento militar; José Lago Chao, comerciante; José Ponte Rodríguez, *O Manco da Ponte*; un tal Rocha, o alcalde Ricardo Pérez, a súa muller Francisca del Río, mestra e amiga de María; Joaquín Vázquez, pai de María (“*ya fusilada*”); José Salgado (“*el cual está en el manicomio de Conjo*”), Luis Villar, practicante municipal; e os irmáns coñecidos por *Los Catalanes*.

José Salgado, segundo o historiador e parente seu Bernardo Máiz, foi salvado por un cabo da garda civil que o baixou do camiión pouco antes de que o levaran. Posteriormente foi ingresado no Hospital Psiquiátrico de Conxo, de onde saíu algúns anos despóis.

*(...) Cando Pepe estaba a bordo do camiión nos que o levaban a fusilar, un cabo da Garda Civil que lle estaba agradecido polas clases que lle dera e que lle permitiran ascender, obrigouno a baixar, meterse en casa e non saír dela. Ou que non sei é se foi a Conxo por estar tolo (cando menos, sei que collera unha depresión) ou se o meteron alí para telo protexido. O caso é que alí toleu de vez.*

*Bernardo Máiz Vázquez, 2010*

24. Causa 935/36 Serie Terra. Ferrol. T IV A Coruña

25. Pai de Balbina, unha das nosas informantes; en 1939 foi condenado a morte, pero se lle conmutou a pena e saíu do cárcere en 1943.

26. PÉREZ MEDÍN, R., GARCÍA LÓPEZ, X.X. e LÓPEZ GONZÁLEZ, R. M<sup>º</sup>, *op. cit.*.

María, que se atopaba na Coruña por esas datas, foi detida na cidade a principios de agosto e desde alí trasladada ata o cárcere de Pontedeume. Desta localidade saíu o grupo de gardas civís e falanxistas que a deteu na Coruña. Non ten fundamento a opinión dalgúns segundo a cal, a noite en que foi paseada, o comandante do posto da Garda Civil de Miño, o cabo Juan Gago, na compañía do tamén garda civil Gerardo Casanova, ao que chamaban “*el de los cien*”, foi a buscala á prisión da Coruña para, a continuación, levala á praia de Centroña, onde sería asasinada. Outras testemuñas, cuia información non poido ser contrastada, afirman que cando a meteron no camiión case lle levan a man que mantiña alzada nun puño mentres berraba vivas á República.

*A ella la cogieron en Coruña. Creo que estaba pasando allí una temporada y después la trajeron para la cárcel de Pontedeume.*

*A partir de ese momento su padre iba todos los días a Pontedeume para ver a su hija. Lo hacía desde el jardín que quedaba frente a la cárcel. Ella lo saludaba con una pieza de ropa desde la ventana, hasta que un día dejó de hacerlo. Recuerdo que el padre vino a mi casa y medijo: “Ricardo, mataron a Maruja”. A mi pregunta de cómo podía saber eso, él me respondió que no lo había saludado como de costumbre. Y por desgracia así había sido.*

Ricardo Pérez Medín, 30-7-2007

*Cando a subiron á camioneta a ela metérona diante cos gardas civís, pois atrás xa ía cheo. Antes de subir empezou a berrar vivas á República co puño pechado, entón eles pecharon a porta colléndole a man; dicían que a levaba case colgando.*

Z. Andrade, 19-3-2003

*Ella iba casi todos los días a Coruña, a la sede del partido. Se fue una tarde y ya no volvió más. Creo que la cogieron los falangistas en La Coruña y en un coche la trajeron directamente para Pontedeume. Allí la metieron en la cárcel y le hicieron mil perrerías. Cuando yo iba a visitar con mi madre a mi padre que también estaba en la cárcel de Pontedeume, venía con nosotros el padre de María. A él nunca le dejaron pasar para entregarle ropa o comida a su hija. Recuerdo sus gritos pidiendo que la sacaran de allí. Estaba sola en el primer piso y de vez en cuando asomaba la cara entre los cristales. Su padre se comunicaba con ella por señas mediante trapos. Una vez aquel desgraciado falangista que era el que más gritaba y siempre estaba apuntando a todo el mundo con el mosquetón nos dijo: “¿véis estos*

*zapatos manchados de sangre’, es la sangre de vuestra profesora. Un día la habían sacado de la prisión a las dos de la mañana y la mataron en el cementerio de Pontedeume (sic), fueron los falangistas de Pontedeume. Después de su muerte su padre se puso medio loco. Quemaron todos los libros que había en la casa. Su madre murió en Miño y está enterrada en el cementerio del pueblo.*

*Balbina Somorrostro. Miño, 23-9-2009*

No cárcere de Pontedeume María Vázquez coincidiu co numeroso grupo de detidos da vila, capturados nas datas seguintes ao levantamento de xullo, entre eles o boticario Leonardo Díaz Rosado, o seu xenro e secretario municipal de Ares Rodrigo Álvarez Pardo, o mestre e compañeiro de María na executiva local do PSOE José Ramón Fernández Barral, o alcalde de Monfero pola Fronte Popular Pablo Rico Couceiro, o labrego deste concello Juan Rico González, o mariñeiro de Pontedeume Santiago Rodeiro Rodríguez, o empregado do ferrocarril e veciño de Astorga Segundo Martín Martín, o socialista Ramiro Vázquez Salido, *O Mona*, ou o secretario da sociedade agraria de Grandal (Vilarmaior), José M<sup>a</sup> Varela Salido. Por aquí tamén pasaron os irmáns Sardiña, de Izquierda Republicana; Manuel Prado Allegue, asesor do alcalde López Seijo e Ramón Agras Fernández, éstos tamén de I.R., e outros máis.

Descoñécense as xestións levadas a cabo por Joaquín Vázquez para liberar á filla, pero non resultaría desacertado supoñer que desde a súa condición de militar podía ter intentado facer valer as súas influencias para lograr a excarceración de María<sup>27</sup>. A imposibilidade de evitar a súa morte estará sen dúbida na orixe da forte depresión na que caeu pouco despois e da que nunca chegou a recuperarse.

A finais de xullo comezan as “sacas” na localidade de Pontedeume. A mediados do mes de agosto a actividade recrudécese. Os días 18 e 19, en concreto, falanxistas e gardas civís, dirixidos os primeiros polo xefe local da Falanxe eumesa Nicolas Pardo Armas, *Pasiego, Cubano*, os segundos ás ordes do comandante militar, o tenente de carabineiros Antonio Arias Amado, traballaron a reo. Durante esas horas terribles executaron preto de Vilasuso (A Capela) aos irmáns Sardiña, a Manuel Prado e a Ramón Agras; no cemiterio de Caaomouco (Redes) a Leonardo Díaz, a José Ramón Fernández, a Pablo Rico, a Juan Rico, a Santiago Rodeiro, a Segundo Martín, a Ramiro Vázquez e a José M<sup>a</sup> Varela; en na praia de Miño a María.

Ata onde sabemos, María foi conducida o 19 de agosto desde o cárcere de Pontedeume ata a praia de Miño por un grupo de falanxistas e gardas civís de

27. CAMPOS PÉREZ, Alfonso, *A casina do capitán*, op. cit..

Pontedeume. Ademais da testemuña de Ricardo Pérez Medín, dando conta da presenza de falanxistas desta vila na localidade de Miño nas datas seguintes ao golpe militar<sup>28</sup>, é esclarecedora a declaración do garda civil Serafín Martínez Ortíz, que involucra a Nicolás Pardo. Na causa aberta contra éste en xullo de 1937 por traizón e roubo a man armada acúsaselle, entre outros delitos, de saquear as tumbas de varios represaliados, como a de Manuel Prado Allegue, asesor do Concello de Pontedeume, e a de María Vázquez. O garda civil sostén:

*“Que cuando la muerte de la Maestra Nacional de Miño, destacada extremista, al ir a enterrarla el Nicolás Pardo Armas quiso quedarse con el portamonedas que contenía monedas, con el reloj de pulsera y otras alajas (sic) que llevaba, impidiendoselo el que depono y su compañero de pareja, que obligaron fuera todo a la fosa, no sabiendo si después este individuo desenterraría el cadáver, porque lo cree capaz de ello. Que eso mismo quiso hacerlo cuando murió el asesor del Frente Popular [Manuel Prado], lo que se le impidió, entregándole todos los objetos a la esposa del mismo”<sup>29</sup>.*

O mesmo Nicolás Pardo reconece que entregara o bolso da mestra no cuartel da Garda Civil. Fora él quen levou a cabo a detención na Coruña de Manuel Prado o 7 de agosto, nas mesmas datas nas que se producira o apresamento de María<sup>30</sup>. Outro declarante na causa, o secretario municipal de Pontedeume Ramón Álvarez Placer, afirma: *“Fue a desenterrar unos cadáveres en Monfero para robarles las alhajas, pero sus familiares los habían desenterrado y llevado para el cementerio”*. E pola súa banda, Francisco Fernández Vales, *Cacholo*<sup>31</sup>, coñecido matón da Falanxe de Pontedeume, coincide na súa declaración: *“Se negó a ir a Monfero con Pardo para desenterrar cadáveres y quitarles el dinero que tuvieran y luego entregárselo al Ejército, mientras no obtuviese el consentimiento de sus jefes para desplazarse de aquella localidad”*. Tratábase dos represaliados José Antonio Marcos Silvar e Andrés García Marcos.

Non queda dúbida, polo tanto, que Nicolás Pardo, un dos responsables das matanzas levadas a cabo no distrito de Pontedeume no verán do 36, foi quen trasladou a María ata o lugar da execución na compañía do grupo de falanxistas e gardas civís de Pontedeume. Foi éste o responsable directo do seu asasinato. As atrocidades que cometeu

28. PÉREZ MEDÍN, R., GARCÍA LÓPEZ, X.X. e LÓPEZ GONZÁLEZ, R. M<sup>º</sup>, *op. cit.*

29. *Causa 163/37. Serie Terra. Ferrol. T-IV. A Coruña*

30. LVG, 07-08-1936. No periódico recóllese a información de que Manuel foi arrestado por catro falanxistas no Concello da Coruña.

31. SOBRINO CEBALLOS, J. e DOMÍNGUEZ FERRO, M. *Antonio Manso: crónica dunha morte ignorada*. Revista “Cátedra”. 75 anos da II República. Monografía, n<sup>º</sup> 2, 2006. Éste último foi o responsable do asasinato, en 1937 do carpinteiro de Cabría, Antonio Manso

foron de tal calibre que provocaron o rexeitamento de elementos da dereita de Pontedeume, que acabaron denunciándoo, sendo condenado a cadea perpetua e expulsado da Falanxe, anque posteriormente se lle conmutou a pena<sup>32</sup>.

O xefe da Falanxe de Miño, Andrés Quintás, sobre quen recaeu a sospeita inxustificada da violación da mestra, foi tamén responsabilizado do crime. O alcalde Ricardo Pérez nega rotundamente a súa participación. Asegura, ademáis, que o falanxista era amigo da mestra e que cando se enterou de que a colleran regaloulle unha botella de licor a Quintas para que coidara dela.

Queda por desentrañar as responsabilidades de individuos como o mestre do Pósito de Pescadores e dirixente do Partido Radical Teófilo González, quen, segundo Balbina Somorrostro, manifestaba unha aberta hostilidade contra María Vázquez. Tamén a do mestre de Carantoña Pascual Zaera Rojo, antigo dirixente do Partido Agrario Radical Gallego<sup>33</sup> e presidente da Sociedad Agraria Republicana de Leiro, Castro y Carantoña, que en xullo de 1936 foi designado polas novas autoridades presidente do consello local de Primeira Ensinanza, ingresando nas filas de Falanxe, na que chegou a ocupar a xefatura local.

É interesante constatar cómo, ao longo do período republicano, os mestres da vila, como sucedeu en tantos lugares, formarán dous bloques ideolóxicamente enfrontados: mentres na escola nº 2 coincidiron os mestres progresistas (María Vázquez e Pepe Salgado), na nº 1 atopamos aos conservadores Lucio Fernández Martínez, Gregoria Rosario Campillo –que despóis da morte de María ocupou a súa praza na escola nº 2<sup>34</sup>- e na escola do Pósito ao mencionado Teófilo González<sup>35</sup>.

Protagonista excepcional foi o secretario municipal, Manuel Cuervo Cortés, que nun inesperado xiro, despóis do levantamento militar integrouse nas filas de Falanxe e convertiuse nun fogoso propagandista do ideario fascista, como revelan as súas frecuentes intervencións nos actos públicos da Falanxe en Miño, acompañando moitas veces á Pilar Franco, como en ocasión do discurso pronunciado en agosto de 1937 para celebrar a toma de Santander polos nacionais, onde exhortaba aos veciños a ingresar na Falanxe<sup>36</sup>.

En canto ao lugar da execución, a maioría dos nosos informantes sitúano na praia Bañobre (Ponte Baxoi-Miño), como así semella confirmalo o informe anexo da Garda

32. SOBRINO CEBALLOS, J. e DOMÍNGUEZ FERRO, M., *op. cit.*

33. SOBRINO CEBALLOS, J. e DOMÍNGUEZ FERRO, M., *Amador Rodríguez Guerra: unha voz silenciada do agrarismo eumés*, Rev. "Cátedra", nº 17, 2010.

34. Ver na pax. 3 as declaracións de Balbina Somorrostro.

35. Unha noticia aparecida en *La Voz de Galicia*, o 31-10-1934, onde se da conta da homenaxe de mestres nacionais á forza pública e na que participan, entre outros, Pascual Zaera e Gregoria R. Campillo é reveladora da actitude destes mestres.

36. PÉREZ MEDÍN, R., GARCÍA LÓPEZ, X.X. e LÓPEZ GONZÁLEZ, R. M<sup>o</sup>, *Memorias. Ricardo Pérez Medin*, 2009




Civil na causa 925/37, que afirma que o cadáver de María aparecera o 20 de agosto na praia de Bañobre. Outros sinalan a paraxe da Fonte dos Polos, na parroquia de Centroña (Pontedeume). E o ex alcalde Medín menciona a praia de Ver, na mesma parroquia, e afirma que antes de chegar ao lugar, os falanxistas e gardas civís que levaban á mestra obrigáronna a continuar a pé para fusilala polas costas. Pola súa banda, Balbina Somorrostro sostén que a María matáronna no cemiterio de Pontedeume e atribúe tamén a acción aos falanxistas de Pontedeume.

*Sobre su muerte se contaron muchas cosas. Yo no te puedo asegurar con certeza dónde la asesinaron, pero creo que fue en la playa de Ver. Sobre el asunto escuché en cierta ocasión un comentario de unos guardias civiles que decían que la maestra increpó a sus asesinos cuando la quisieron matar por la espalda. Ella se dio la vuelta y les plantó cara y les gritó: “¡cobardes, sed valientes y disparad de frente a una mujer!”.*

*Ricardo Pérez Medín, 30-7-2007*

O día 13 de agosto a prensa da conta da detención de mestres<sup>37</sup>. O 14 aparece publicado o cese de María Vázquez<sup>38</sup>. Un día antes daquel fatídico 19 de agosto, o xefe local da Falanxe de Miño, Andres Quintás, lle fai entrega a ésta da notificación de destitución do seu posto de mestra. Advírtese a firma temblorosa de María ao pé do documento. Días despois, o 25 de agosto, cando xa se ten producido o asasinato, o presidente do consello local de Primeira Ensinanza, o mestre Pascual Zaera, nuha comunicación informa que



Notificación da destitución de María

María se atopa en paradeiro descoñecido. O kafkiano proceso segue o seu curso e, en decembro de 1938, a Comisión Depuradora del Magisterio informa da reposición de mestres para co-brir as baixas dos que foran depurados, entre eles María Vázquez e José Salgado. E con data de 1942 a Comisión Depuradora del Magisterio da Coruña comunica a separación definitiva do servizo de María<sup>39</sup>.

37. LVG, 13-08-1936

38. *El Pueblo Gallego*, 14-08-1936.

39. No listado aparece tamén X.R. Fernández Barral, mestre da escola nº 1 de Pontedeume e membro tamén da agrupación socialista local.

Na acta de defunción que se conserva nas oficiñas do Rexistro Civil figura a data do 19 de agosto, pero a morte, producida “como consecuencia de heridas de bala”, non quedou rexistrada ata decembro de 1936.

Despóis do asasinato de María o pai recibe a orde de abandonar Miño. Parece ser que se dirixiu primeiro á súa residencia na Coruña para posteriormente establecerse en Vilaescura, onde viviría cunha sobriña ata 1950, cando morreu á idade de 83 anos.

*[Logo da morte da mestra] El padre de Maruja recibió una orden por la cual en dos horas tenía que abandonar el pueblo, lo que hizo marchándose para Monforte.*

*Ricardo Pérez Medín. Miño, 30-7-2007*

Pérez Médín refire tamén que a casa dos Vázquez foi saqueada e a biblioteca queimada<sup>40</sup>, dato que tamén confirma Balbina Somorrostro.



Retrado de María firmada polo seu pai coa lenda: “Maruja Vázquez Suárez -maestra de Miño- fusilada por los fascistas de Puentedeume el 21 de agosto de 1936.

Nos anos corenta Leopoldo Díaz, fillo do farmacéutico de Pontedeume, Leonardo Díaz Rosado, encargouse de que os restos de María fosen depositados no panteón que a súa familia tiña no cemiterio de Pontedeume.

*Foi nos anos corenta cando Leopoldo Díaz mandoume meter no mesmo nicho á mestra de Miño, á que mataron na Fonte dos Polos. Fixeran un escarnio con ela.*

*Ferraces. Pontedeume, 2005*

Xa instalado definitivamente en Sober, Joaquín viviu os seus últimos días sumido nunha fonda depresión; de feito, nunca foi capaz de superar a morte da filla, da que se sentía responsable. Frecuentaba a compañía

dalgúns represaliados da zona e, sobre todo, buscaba a soidade nunha pequena coba cerca de Penabión, antigo refuxio de pastores, que empezou a ser coñecida a partir de entón como a Casiña do Capitán.

*A morte non poderá acalar as súas voces.*

